



MEDIDAS DE ACTUACIÓN NA CELEBRACION DAS PROBAS DOS PROCESOS SELECTIVOS DERIVADOS DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NA SITUACIÓN ORIXINADA POLA PANDEMIA COVID-19

REITORÍA

Con data 24/02/2021 asinouse e publicouse o protocolo para a celebración das probas dos procesos selectivos derivados das ofertas de emprego adaptado á nova situación orixinada pola pandemia Covid-19.

Neste protocolo establécense as medidas preventivas necesarias para garantir a máxima seguridade dos membros do tribunal, asesores técnicos, persoal colaborador e aspirantes nos procesos selectivos.

Os elementos a ter en conta, antes, durante e despois da realización das probas que terán lugar na Reitoría son:

Antes da celebración do exame (24-48 horas)

- ✓ Realizarase unha limpeza / desinfección dos locais das probas (sala do Consello de Goberno, sala de Xuntas e local Covid). Unha vez realizada procederase ao peche dos locais e á colocación dunha sinal indicando a realización desta limpeza / desinfección.
- ✓ Comprobarase a existencia de:
 - Hidroxeol e de contedores de lixo con tapa e pedal no acceso ao edificio e no local da proba.
 - Papeleiras con bolsa no resto de locais habilitados para as probas.
 - Kit de desinfección no local da proba.
 - Máscaras hixiénicas ou cirúrxicas para o seu uso durante a realización da proba, polos membros do tribunal, asesores técnicos, persoal colaborador e aspirantes.
 - Máscaras FFP2 para o seu uso no caso de que algunha persoa presente síntomas compatibles coa COVID-19 durante a realización das probas.
 - Termómetro para o control da temperatura (localízase na conserxaría).
- ✓ Sinalizaranse os percorridos para os aspirantes e os postos habilitados para a realización das probas garantido o cumprimento da normativa vixente.
- ✓ Garantirase a ventilación dos locais de celebración das probas

Día da proba

- ✓ Chamamento

Á hora indicada polo tribunal permitirase o acceso ao edificio.

Recoméndase que o chamamento se realice na recepción ou no acceso ao edificio, momento no que o aspirante desinfectará as mans, comprobaranse os seus datos e indicaráselle como acceder ao local da proba.
- ✓ Acceso ao local da proba

O/a aspirante, cumprindo coas normas de prevención, chegará ao local de realización da proba onde desinfectará as mans, entregaráselle e colocará a máscara e sentarase no posto que o persoal do tribunal lle asigne e que estará identificado.
- ✓ Realización da proba

Código Seguro De Verificación	jvDLdQJh5mWY/3du+KuJFg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Asinado	07/04/2021 14:11:39
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jvDLdQJh5mWY/3du+KuJFg==		





Garantírase a ventilación do local mediante a ventilación mecánica ou natural e mantendo as portas abertas de ser posible.

No caso de que unha máscara rompa entregaráselle unha nova e desbotarase a rota nunha papeleira con bolsa ou nun contedor con tapa e pedal

No caso de que un opositor iniciase síntomas compatibles con COVID-19 ou estes fosen detectados, levaríase á zona reservada de illamento (sala de Xuntas), onde poderá continuar desenvolvendo o exame, se lle é posible, e contactaríase coas autoridades sanitarias para recibir instrucións (900 400 116). Se ademais estivese nunha situación de gravidade ou tivese dificultade para respirar, avisarase ao 061.

Se os síntomas compatibles con COVID-19 os tivera algún membro do tribunal, asesor técnico ou persoal colaborador levaríase á zona reservada de illamento (local Covid) e contactaríase coas autoridades sanitarias para recibir instrucións (900 400 116). Se ademais estivese nunha situación de gravidade ou tivese dificultade para respirar, avisarase ao 061.

✓ Finalización da proba

O tribunal indicará aos opositores cando e como poden abandonar o local do exame e o edificio seguindo as normas de seguridade

Os compoñentes do tribunal, asesores técnicos e persoal de apoio desinfectará as mans coa solución hidroalcohólica cada vez que toquen elementos comúns (sobres de exame, follas de exame etc.). Terán a súa disposición luvas desbotables.

Unha vez finalizada a proba e antes de que estes locais (sala do Consello de Goberno, sala de Xuntas e local Covid) sexan utilizados novamente deberase realizar unha limpeza / desinfección. Unha vez realizada procederase ao peche dos locais e á colocación dunha sinal indicando a realización desta limpeza / desinfección ata o seu novo uso.

Código Seguro De Verificación	jvDLdQJh5mWY/3du+KuJFg==		
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	07/04/2021 14:11:39
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/jvDLdQJh5mWY/3du+KuJFg==		
		Páxina	2/2

